



# A PORTA ENTREABERTA OU AS BALAS DO DESEYO

espectáculo POÉTICO-MUSICAL do grupo OURIOL  
con poemas de **LOIS PEREIRO**

---

Non é doado afanarse en vivir cando a dor e a ruína física nos invaden, Só algúns espíritos realmente fortes e xenerosos conseguen asumir a enfermidade e con ela seguir adiante para aprender e comprenderse. Unha experiencia certamente difícil que **Lois Pereiro** realiza como unha viaxe até o máis fondo da pulsación humana para, con lúcida serenidade, erguela e transformala en poesía.

Cartas e poemas que nos conmoven pola súa verdade e pola súa eficacia comunicativa. Palabras ou dardos que nos curan coa furia do amor

O Grupo Ouriol, fiel dende hai tantos anos ao seu obxectivo de comunicar do mellor xeito posible e para todos os públicos a nosa poesía, non podía faltar a esta cita do Día das Letras Galegas con **Lois Pereiro**. Por iso propoñemos un espectáculo poético, musical e visual que é en realidade unha historia de amor alén do tempo e **contra toda imposibilidade**.

2011  
día das letras

---

2011  
día das letras

A escolla realizada pola poeta **Eva Veiga** –e voz recitadora do Grupo Ouriol- componse de poemas pertencentes aos libros **poemas 1981-1991** e **poesía última de amor e enfermidade 1992-1995**, así como de fragmentos significativos de **Conversa ultramarina**, longa carta que Lois Pereiro escribe ao amor da súa vida, Piedade Cabo.

Pola súa parte, os músicos **Fito Ares** (frauta) e **Bernardo Martínez** (percusión e clarinete) interpretan a música que asemade eles mesmos compoñen ex profeso para os textos do poeta monfortino. Igualmente contamos neste espectáculo coa inestimable colaboración, por unha parte, do pintor **Alfonso Costa** na creación de imaxes a proxectar e, por outra, do director teatral **Quico Cadaval** na dirección escénica.



grupo ouriol

PRODUCE

SIRGO  
TORCENDO  
CULTURAL MANAGEMENT

[contacto@sirgotorcendo.com](mailto:contacto@sirgotorcendo.com)  
[www.sirgotorcendo.com](http://www.sirgotorcendo.com)